

# I. DISTANCIA E CONTINUIDADE DO MUNDO CLÁSICO


Buscas en Roma a Roma, ¡oh peregrino!,  
y en Roma misma a Roma no la hallas:  
cadáver son las que ostentó murallas,  
y tumba de sí propio el Aventino.

Yace, donde reinaba el Palatino;  
y limadas del tiempo las medallas,  
más se muestran destrozo a las batallas  
de las edades, que blasón latino.

Sólo el Tíber quedó, cuya corriente,  
si ciudad la regó, ya sepultura  
la llora con funesto son doliente.

¡Oh Roma!, en tu grandeza, en tu hermosura  
huyó lo que era firme, y solamente  
lo fugitivo permanece y dura.

FRANCISCO DE QUEVEDO (1580-1645)



## ▣ DISTANCIA E CONTINUIDADE

O mundo clásico está moi afastado de nós porque pasaron moitos séculos e a paisaxe e as cidades xa non son como eran. As costas mudaron, e cidades que daquela estaban á beira do mar, agora están lonxe (Éfeso, Ostia) ou total ou parcialmente cubertas polo mar (Alexandría).

Desapareceron cidades completas e ignoramos o seu emprazamento exacto. Outras quedaron en rexións marxinais ou de difícil acceso (Palmira, Siria). Moitas están debaixo dos nosos pés: Atenas, Roma, Lugo, Mérida, Lisboa, etc.

As ruínas permítennos coñecer a forma e dimensión exactas das cidades. Os edificios caeron; a decoración escultórica e pictórica perdeuse; desapareceron os xardíns e os bosques que rodeaban moitos templos e santuarios, e as rúas e prazas están baleiras de estatuas, e das inscricións honoríficas que adornaban as paredes.

Con todo, a pesar da distancia, o legado do mundo clásico é moi importante. As linguas clásicas non morreron co colapso da civilización. O grego seguiu a falarse na parte oriental ou Imperio Bizantino e, con algunhas modificacións, hoxe é a lingua oficial da Grecia, falada por mais ou menos 10 millóns de persoas. Tamén é lingua oficial de Chipre, uns 600.000 falantes. E outros 3 millóns de persoas de todo o mundo teñen como lingua materna o grego, moitos deles en Turquía, Albania, Canadá e Estados Unidos. Tamén é unha das linguas oficiais da Unión Europea desde 1981. O latín seguiu a falarse durante a Idade Media como lingua de comunicación internacional e del deriva, segundo a teoría tradicional, as linguas romances<sup>1</sup>. Conservamos miles de textos gregos e latinos que nos contan moitas cousas dese mundo desaparecido. O grego antigo e o latín non son linguas mortas, das que non hai falantes ou non se poden interpretar os seus textos, son linguas antigas.

Pola lingua, grego e romanos seguen a estar conectados con nós. Déronnos ideas sobre a organización social e política, respostas sobre os problemas humanos, solucións urbanísticas e códigos de conduta. Contáronnos historias fermosas e os seus patróns estéticos educaron a nosa idea da beleza, contribuíndo con todo iso a nos facer seres humanos.

Entrar nese mundo próximo e, á vez, afastado resulta unha aventura fascinante e enriquecedora.

---

<sup>1</sup> Yves Cortez, autor do libro *Le Français ne vient pas du Latin* (2002) defende que as linguas romances actuais no serían herdeiras do latín, senón do italiano primitivo que xa falaban os antigos romanos.

## ▣ GREGOS E ROMANOS

Gregos e romanos eran moi diferentes entre si. Tradicionalmente asóciase ideas como a curiosidade e o amor á filosofía dos gregos fronte ao espírito práctico e á capacidade organizativa dos romanos. Son tópicos, mais tamén son verdade. Os dous forman as dúas caras da civilización grecorromana. A súa historia está fundamente relacionada: Roma foi unha cidade que medrou en contacto coas colonias gregas do Sur de Italia. Cando Roma conquistou o mundo co seu imperio, absorbeu a cultura grega. Dende ese intre, Grecia foi o modelo a seguir na literatura, na arte, na relixión, nos costumes, etc. Roma volveuse grega sen perder as súas características propias.

## ▣ A AVENTURA DO DESCUBRIMENTO

O tempo, a guerra, a reciclaxe de materias para novas construcións deixaron en ruínas as cidades e monumentos antigos. Moitas quedaron enterradas e era preciso desenterralas. Despois do avance turco no século XV, Grecia quedou baixo o seu dominio e non era fácil ir alí na procura dos monumentos antigos.

Dende o século XVIII, moitos viaxeiros percorreron Grecia e Italia na procura de inscricións e tesouros. Estaba de moda en Europa coleccionar antigüidades grecorromanas. Grecia púxose de moda e ata ela chegaron os artistas en busca de inspiración e os fillos dos aristócratas para completar a súa formación académica (“Grand Tour”).

As primeiras ruínas desenterráronse en Italia. O descubrimento de Pompeia e Herculano foi determinante. Ambas as dúas quedaran enterradas polas cinzas do Vesubio no s. I d.C. Isto favoreceu o excepcional estado de conservación dos dous conxuntos urbanos, coas súas rúas e edificios case intactos, nos que se podía ver os obxectos cotiás e os cadáveres petrificados.

Pouco despois descubríronse os templos gregos do sur de Italia e Sicilia e, á comezos do século XIX, viaxar a Grecia, independente dos turcos dende 1830, comezou a ser máis fácil. Durante ese século escaváronse, entre outros, os santuarios de Delfos e Olimpia, e moitos países fundaron escolas de arqueoloxía en Grecia. Con todo, os descubrimentos máis célebres foron obra de individuos excepcionais: Schliemann (Troia, Micenas, Tirinto), Wood (templo de Ártemis en Éfeso, unha das Sete Marabillas), Humann (altar de Pérgamo), Evans (palacio de Cnosos en Creta), Marinatos (Akrotiri e as súas excepcionais pinturas), Andronikos (tumbas reais macedonias en Vergina onde foi enterrado Filipo II, pais de Alexandre Magno), e neste intre, entre outras moitas escavacións, destaca as da monumental tumba de Anfípole no norte de Grecia.

## ❑ XEITOS DE COÑECER O PASADO

As fontes para o estudo da Cultura Clásica son diversas. Dende os textos literaris ao restos de edificios e cidades, pasando polas moedas, inscricións e papiros. Igual que fan os detectives, os estudiosos do mundo clásico seguen calquera pista que aporte información.

a) A **literatura antiga** chegou ata nós de xeito fragmentario pois moitas obras perdéronse no longo proceso de transmisión e copia. Ata a invención da imprenta no século XV, os textos transmitíanse por medio de copias manuscritas (transmisión indirecta), o que produciu moitas veces erros e falsificacións. A **filoloxía clásica** intenta restablecer a forma orixinal dos textos, liberándoos das faltas e dos engadidos de épocas posteriores á da súa redacción.

b) **As inscricións** son textos breves, gravados sobre pedra ou metal, que chegaron ata nós de forma directa. Expresan o agradecimento dunha comunidade, unha lei ou decreto, un tratado de paz, a liberación dun esclavo, o lamento por un ser querido, dedicatorias os deuses, etc. Son a voz en directo dos homes e mulleres grecorromanos. A **epigrafía** ocúpase do estudo e clasificación das inscricións.

c) **Os monumentos** son as ruínas de cidades e edificios que nos contan como eran, as súas dimensións e funcións, as características das mansións privadas, os utensilios da vida diaria e os trebellos dos diferentes oficios, as ofrendas das tumbas. A **arqueoloxía** estuda o terreo, escava, rexistra e interpreta os achados, ademais de conservalos en museos.

d) **As moedas** son para nós unha fonte importantísima de información para coñecermos a vida económica, o comercio eos produtos de cada zona, cuya representación acostuma aparecer gravada nunha das caras. Infórmanos das ideas porque presentan símbolos: deuses, heroes, animais, dánnos a imaxe dos gobernantes, que se facían representar nelas con fins propagandísticos. Grazas a elas coñecemos o aspecto de edificios desaparecidos como o Faro de Alexandría. A ciencia que estuda as moedas é a **numismática**.

e) Os papiros descubertos en Exipto, Herculano (Italia) e Derveni (Grecia) dende o século XIX ata os nosos días son documentos auténticos nos que figuran todo tipo de contratos comerciais, actas de matrimonio, testamentos, contas, cartas, ás veces tamén fragmentos de obras literarias. A **papiroloxía** estuda este tipo de textos.

